

ACTA Nº 24/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE MAIO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 25 de maio de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 23/09, do 19/05 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 100/09 – D.^a ELVIRA SOLLA PASTORIZA presenta proxecto de reparación e consevación de cuberta dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Palmás, núm. 42, Entreeiras, Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 20.05.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras** de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na colocación de canalón e baixantes, na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	42,65 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 33/09 – D.^a JUARINA BARCIA SANTOMÉ presenta estudo técnico para saneamento de fachadas de vivenda unifamiliar sita no lugar de Berducedo, núm. 29, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo estudo de arquitectura AR UR MO (Arquitectura y Urbanismo Morrazo S.L.P.) sendo o oarquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado na data 12.02.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN. (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial.

A presente licenza outórgase zo abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran no saneamento das fachadas da edificación con aplacado de pedra granítica do país.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	70,94 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.C) EXPTE. 280/08 – D. JOSE MARIA GARCÍA FRANCISCO presenta proxecto básico de vivenda unifamiliar no lugar de Quintáns, s/n, do barrio da Moureira, Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. José María García Francisco, visado na data 10.11.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Cumple coas Normas do Hábitat Galego.

Proxecto básico, non poderá iniciarse a edificación en tanto non se presente proxecto de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 05 de marzo do 2009 para Ordenanza 2.

Require informes sectoriais. No expediente consta autorización da Consellería de Cultura e Deportes.

Os planos A08, A00, U03, U04 e U05 visados polo COAG o 27/02/2009 modifícan os iniciais.

Cédense 133,69 M², resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 1.336,90 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Acredítase a superficie das parcelas de 880,00 M² brutos mediante medición emitida polo técnico

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo, para recibir estas últimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	990,80 €
Taxas licenza urbanística.....	123,85 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros.....	180,00 €

3.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

3.A) REMISIÓN DE INFORME.

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES – AXENCIA DE PROTECCIÓN DA

LEGALIDADE URBANÍSTICA, no que solicita informe deste Concello pola solicitude de autorización que lles formulou D.^a María del Carmen Ferradás Bernárdez, Rfa.: A-PO/2008-102,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 21 de maio de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 124/2008.

Atendendo a solicitude da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en relación a solicitude de autorización presentada nese servizo por Dona María del Carmen Ferradás Bernardez, **Rfa.: A-PO/2008-1002**, este Concello de Moaña alega segundo a Disposición Transitoria Duodécima punto 2, do Real Decreto 1471/1989 polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Desenrrolo e Execución da Lei 22/1988, de 22 de xullo, de Costas, que a edificación obxecto da solicitude ten unhas características tipolóxicas que harmonizan totalmente con seu entorno co cal pódese considerar que a edificación ten un valor para a súa conservación que incide na determinación por parte deste Concello a emitir informe favorable as pretensións da solicitante

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Axencia de proteccion da legalidade urbanística.**

3.B) APROBACIÓN INICIAL ESTUDO DE DETALLE DO ÁMBITO DA UNIDADE DE XESTIÓN NA RÚA RAMÓN CABANILLAS COMPRENDIDOS ENTRE OS NÚMEROS 118 E 124.

ADACHAVE, S.L. presenta o día 21 de abril de 2009 Estudo de detalle do ámbito da unidade de xestión na Rúa Ramón Cabanillas comprendido entre os números 118 e 124, redactado polos arquitectos D. Rafael Nogueiras Mascarenhas e D. Javier Amadeo Pena Garrido, visado o 7 de abril do presente ano.

O arquitecto da asistencia técnica municipal emite informe ao respecto o 7 de maio de 2009, no que logo describir os antecedentes, di:

CONSIDERACIÓNS

- 1.- A unidade de xestión encóntrase na altura de Ramón Cabanillas entre os números 118 e 124 da mesma, encontrándose grafiado como tal no documento das NNSS.
- 2.- O estudo de detalle trata de desenvolver unha zona fixando a nivel de aliñacións e rasantes as determinacións do planeamento, sendo esta figura suficiente para o fin pretendido, segundo se recolle no artigo 73 da Lei 9/2002 de 31 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e a modificación 15/2004.
- 3.- Os planos 07, 08 e 09 que se adxuntan o expediente en data 7 de maio de 2009, non contan con visado colexial e por tanto serán aportadas copias debidamente seladas.
- 4.- O estudo de detalle non supón a autorización para a realización de obras de urbanización, tendo como fin o establecemento de aliñacións e rasantes que fixen os fondos de edificación e aplicación de ordenanza no solo urbano no entorno da unidade de xestión.

Por todo isto dende o meu leal saber e entender, despois de estudias as consideracións anteriores podemos deducir a seguinte:

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente o Estudo de detalle, para ser sometido o trámite de información pública segundo o artigo 86 da lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004. Debendo contarse no momento de exposición o público con documento completo debidamente visado.

Liquidación provisoria de tributos

Taxas licenza urbanística.....128,52 €

O día 13 de maio a empresa peticionaria subsana a documentación requirida no punto 3 do informe da asistencia técnica urbanística,

Por informe do día 19 de maio de 2009, o arquitecto da asistencia técnica municipal, **informa favorablemente** o Estudo de Detalle para ser sometido ao trámite de información pública por presentar a documentación que se lles requiriu debidamente visada,

Visto o informe de Secretaría de data 25 de maio de 2009,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Estudo de Detalle de ámbito de unidade de xestións na rúa Ramón Cabanillas, comprendido entre o nº 118 e 124.

SEGUNDO: Someter o a información pública, polo prazo de vinte días, mediante publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de máxima difusión da Provincia, **notificándose persoalmente aos propietarios e demais interesados directamente afectados, comprendidos no ámbito territorial do estudo de detalle.**

4.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiriran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Gravación vídeos memoria oral	MARTÍÑO VILLAVERDE, DESEÑO GRÁFICO	4510-22608 RC 867	278,40€
SERVIZOS SOCIAIS (CIM)	SAIDA CULTURAL AO CONCELLO DE ARBO	AUTOCARES BENITO GARCÍA	3130 22614 RC 866	210,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

5.- GASTOS POR DESPRAZAMENTO DO PERSOAL DE GABINETE DA ALCALDÍA

Vistas as autorizacións da Alcaldía para desprazamentos en vehículo propio de D. Eugenio V. Piñeiro Costa, persoal de gabinete da alcaldía, realizados nos meses de xaneiro a abril de 2009 polos motivos que nelas se recollen, e vistas as liquidacións das viaxes presentadas que suman un importe de 768,90 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a obriga dos gastos por desprazamentos en vehículo propio de D. EUGENIO V. PIÑEIRO COSTA, pola cantidade de 768,90 euros con cargo á partida 2008-1110-23100, RC 865.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

6.- GASTOS POR DESPRAZAMENTO DO CONCELLEIRO DE TURISMO

Vistas as liquidacións presentadas das viaxes realizadas por D. Víctor Pastoriza Lino por asuntos municipais os días 7 de abril e 14 de maio de 2009, que suman un importe de 39,00 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a obriga dos gastos por desprazamentos en vehículo propio de D. VÍCTOR PASTORIZA LINO, pola cantidade de 39,00 euros con cargo á partida 2009-1110-23100, RC 870.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

7.- CAMPAÑA DE OUTONO. PROGRAMA BALNEARIOS DIURNOS DO CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (2009).

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 22 de maio de 2009, conformado pola concelleira de servizos sociais, sobre a campaña de outono do programa diurno de carácter lúdico para Balnearios, convenio Deputación provincial de Pontevedra-Concello de Moaña 2009, no que indica que o custo total que ao Concello lle suporá esta actividade para realizar na

primeira semana de outubro é de 2.400€ ; e propón aprobar a reserva de 75 prazas no balneario de Talaso Atlántico de Baiona para esta campaña de outono e aprobar o gasto por 2.400 euros que supón as 75 prazas para o balneario do Talaso de Baiona a favor de Viaxes Iberia, S.A.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-22620..

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a reserva e autorizar e dispoñer o gasto, por un importe de 2.400 € correspondentes as 75 prazas a favor da empresa VIAJES IBERIA, S.A., con cargo a partida 3130-22620 RC 864, pola Campaña programa balnearios Concello-Deputación 2009..

8.- XUSTIFICACIÓN FINAL PIEG-REDE NATURA. PLAN EMPREGO 2008 NA REDE NATURA 2000

Vista a proposta da Alcaldía do día 14 de maio de 2009, que textualmente di:

Rematado o pasado 2 de maio de 2009 o servizo **“PIEG – Rede Natura. Plan de emprego 2008 na rede natural 2000”** subvencionado a través do Plan Integral de Emprego de Galicia para o ano 2008 da Consellería de Traballo, e á vista do informe emitido pola axente de emprego e do contido na Orde do 5 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora do Plan Integral de Emprego de Galicia para o ano 2008 e na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación do servizo **“PIEG – Rede Natura. Plan de emprego 2008 na rede natural 2000”** subvencionado dentro do Plan Integral de Emprego de Galicia para o ano 2008 da Consellería de Traballo, de acordo cos seguintes datos:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA PARA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS EN SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA
48.113,10	49.018,00	- 904,90

CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (Plus extrasalarial + I. por cese)
5.067,55
TOTAL CUSTOS PROXECTO
54.085,55

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 1 de xullo de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía e así aprobar a xustificación-liquidación do servizo **“PIEG – Rede Natura. Plan de emprego 2008 na rede natura 2000”** subvencionado dentro do Plan Integral de Emprego de Galicia para o ano 2008, tal e como se recolle na proposta, e a súa remisión á Consellería de Traballo.

9.- CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE SALVAMENTO EN PRAIAS DE MOAÑA 2009

Vista a redacción das bases que han de rexer a contratación de dous Patróns e dous Socorristas para o servizo municipal de salvamento en praias de Moaña 2009:

“BASES DE SELECCIÓN PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE SALVAMENTO EN PRAIAS DE MOAÑA 2009

1ª.- OBXETO DA CONVOCATORIA.- É obxecto da presente convocatoria a provisión mediante concurso- oposición dos seguintes postos de traballo:

- 2 Patróns.
- 2 Socorristas Acuáticos

Retribución mensual bruta socorristas: 1.081,75, €

Retribución mensual bruta patróns: 1.032,51 €

2ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES: Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser membro dun país da U.E. (acreditarse mediante fotocopia compulsada do DNI, por ámbolos dous lados).
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder daquela en que falten menos de 10 anos da xubilación forzosa, determinada pola lexislación en materia de función pública.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- **PATRÓNS:** Estar en posesión de Licencia Federativa para embarcacións ata 6 metros de eslora ou título de Patrón de Embarcacións de Recreo ou titulación superior.
- **SOCORRISTAS ACUÁTICOS:** Ter algunha das titulacións seguintes: Técnico en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios ou Socorrista Acuático.

3º.- PUBLICIDADE: Esta convocatoria publicarase nun xornal de tirada provincial e no taboleiro de anuncios do Concello. As outras comunicacións realizaranse a través do taboleiro de anuncios do Concello.

4º.- SOLICITUDES: Os aspirantes deberán presentar antes do día 02 de xuño ás 14:00 horas as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Moaña, coas titulacións, méritos e experiencia que consideren oportuno segundo as bases da convocatoria. A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI.
- Título esixido na convocatoria.
- Experiencia Profesional (acreditada mediante contratos, nóminas ou certific. oficial)
- Vida Laboral actualizada.
- Coñecemento do idioma galego.
- Titulación, certificación de estudos, ponencias ou publicacións que teñan relación coas funcións a desempeñar.
- Certificación oficial do tempo de voluntariado en Protección Civil.

5ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.-

No prazo de 2 días naturais, contados a partir do seguinte a aquel en que remata o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello listado provisional de admitidos e excluídos, xunto coa valoración provisional de currículos e data na que se realizarán os exames e probas prácticas do proceso selectivo.

6ª.- PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS

Establecese un prazo de presentación de alegacións de 2 días naturais, contados a partir do seguinte a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da lista provisional de admitidos e excluídos.

7ª.- LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

O día seguinte de rematado o prazo de presentación de alegacións publicarase no taboleiro de anuncios do Concello listado definitivo de admitidos e excluídos, xunto coa valoración definitiva de currículos.

8ª.- TRIBUNAL CALIFICADOR

O tribunal que vulgará as probas selectivas deste concurso estará composto polos seguintes membros, con voz e voto:

PRESIDENTE: Técnica de Emprego

SECRETARIO: O Secretario da Corporación. (con voz e sen voto) ou traballador en quen delegue.

VOGAIS:

- O inspector-xefe da Policía Local
- Un vocal designado polo Alcalde a proposta do Comité de Persoal

- O xefe de Protección Civil

O tribunal quedará integrado ademais polos respectivos suplentes, estes e os titulares terán un nivel de titulación igual ou superior á esixida ós/ás aspirantes para estas prazas.

O tribunal poderá contar con asesores se o considera oportuno, e non poderá constituírse sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes indistintamente.

Os asesores percibirán unha gratificación por asistencia equivalente á do Presidente do Tribunal.

8ª.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS.

Aprobación das bases: **Día 25 de maio**

Publicación das bases: **Día 27 de maio**

Presentación da documentación: **do 27 de maio o 02 de xuño.**

Publicación do listado provisional de admitidos e valoración provisional de currículos: **Día 03 de xuño.**

Presentación alegacións: **Do 04 de xuño ao 05 de xuño.**

Listado definitivo de admitidos e valoración definitiva de currículos: **Día 08 de xuño.**

Probas teóricas: **Día 08 de xuño.**

Probas prácticas: **Día 09 de xuño.**

Publicación dos resultados da selección: **Día 10 de xuño**

Inicio do contrato: **Día 15 de xuño**

10ª.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección constará de 3 fases; unha 1ª fase de valoración de currículos, unha 2ª fase de realización dun exame teórico e unha 3ª fase de realización dunha proba práctica.

1ª FASE : VALORACIÓN DE CURRÍCULOS:

A.- FORMACIÓN PROFESIONAL.

- Por cada curso dos que a continuación se relacionan, expedidos ou homologados por organismos oficiais, e excluindo o necesario para acceder á praza: 1 punto por curso.

PATRÓN: - Título de Socorrista Acuático.
 - Título de Primeiros Auxilios.
 - Mergullador.

SOCORRISTA: - Título de Primeiros Auxilios.
 - Mergullador.
 - Título de patrón de embarcacións de recreo.

- Por calquera outro curso directamente relacionado coa categoría á que opta e impartido por organismos oficiais dependentes de calquera administración pública ou homologados pola EGAP: 0.1 cada 10 horas de curso. Se non se acredita a duración entenderase de ata 10 horas.
- Por publicación ou impartir cursos relacionados coas funcións propias da categoría a que se opta: 0.5 puntos por cada un/unha.

A formación profesional valorarase ata un máximo de 14 puntos.

B.- EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Meses traballados no servizo de salvamento en praias no Concello de Moaña: 0.5 puntos por mes traballado
- Meses traballados no servizo de salvamento en praias noutro/s Concello/s: 0.25 puntos por mes traballado
- Exercicio de outras categorías nas distintas administracións públicas: 0.15 puntos por ano traballado.
- Traballos de voluntariado realizado en Protección Civil: 0.4 por ano traballado.
- Exercicio na mesma categoría profesional en empresas privadas:: 1 punto por ano traballado.

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 14 puntos

C.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

- CELGA 3: 1 punto
- CELGA 4: 2 puntos

O coñecemento do idioma galego valorarase ata un máximo de 2 puntos.

Na fase de valoración de currículos poderanse acadar un máximo de 30 puntos.

2ª FASE: EXAME TEÓRICO.

PATRÓN

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas. O exame consistirá en 10 preguntas de salvamento acuático con embarcacións e 10 de navegación. A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 20.

Temario Salvamento:

Tema 1: Partes básicas dunha embarcación semirixida.

Tema 2: Expresións usadas en navegación.

Tema 3: Nudos mariñeiros

Tema 4: Ancoras.

Tema 5: Equipamento mínimo da embarcación (para un patrón e dous socorristas acuáticos).

Tema 6: Motor foraborda

Tema 7: Mantemento mínimo da embarcación.

Tema 8: Colocación de tripulantes a bordo.

Tema 9: Atraque, desatraque e fondeo.
Tema 10: Navegación.
Tema 11: Manobras de aproximación e rescate a un accidentado.
Tema 12: Abordaxe e remolque.
Tema 13: Medidas de seguridade e sinalización en praias.
Tema 14: Funcionamento con equipos de comunicación

SOCORRISTA

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas. O exame consistirá en 10 preguntas de salvamento acuático e 10 de primeiros auxilios. A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 20.

Temario Primeiros Auxilios:

Tema 1: Pautas xerais ante un accidentado.
Tema 2: Valoración dun accidentado.
Tema 3: Reanimación cardio- pulmonar.
Tema 4: Arterioesclerosis- aterosclerosis.
Tema 5: Hemorragias.
Tema 6: Feridas.
Tema 7: Traumatismos e politraumatismos.
Tema 8: Shock.
Tema 9: Cadros convulsivos.
Tema 10: Trastornos pola calor.
Tema 11: Lesións e trastornos polo frío.
Tema 12: Intoxicacións pola vía dixestiva.
Tema 13: Picaduras e mordeduras.
Tema 14: Intoxicacións por drogas.
Tema 15: Transporte de accidentados.
Tema 16: Asfixias.

Temario Salvamento Acuático:

Tema 1: Principios xerais do salvamento acuático.
Tema 2: Secuencia de actuación no salvamento acuático.
Tema 3: Técnicas de entrada na auga.
Tema 4: Flotacións:
Tema 5: Técnicas de nado adaptadas.
Tema 6: O mergullo.
Tema 7: Técnicas de control e zafaduras.
Tema 8: Técnicas de remolque directas.
Tema 9: Técnicas de utilización do material de rescate.
Tema 10: Técnicas para o rescate de accidentados de columna.
Tema 11: Técnicas de respiración artificial no medio acuático.
Tema 12: Técnicas de extracción de accidentados.
Tema 13: Salvamento acuático en espazos naturais.
Tema 14: Comunicacións.

Esta proba non terá carácter eliminatorio.

3ª FASE: PROBA PRÁCTICA:

PATRÓN:

Realización dun exame práctico de Navegación e técnicas de rescate en embarcacións.

Realizarase dúas das seguintes técnicas:

- Aproximación e técnicas de extracción dun accidentado do auga.
- Abordaxe e remolque dunha embarcación.
- Entrada e saída rápida en praia
- Colocación dun accidentado na embarcación.
- Entrada en praia cun accidentado.
- Colocación da embarcación varada na praia.
- Caída do socorrista o auga (patrón sentado no bulbo de babor).

A puntuación final será sobre un valor entre 0 e 50.

SOCORRISTA:

Realización de dúas probas físicas no mar, que terán cada unha delas una valoración de 0 hasta 25.

➤ **Unha proba de mar, consistente en percorrer o seguinte:**

- 200 m. carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi),
- Entrada a auga e nado duns 200m. co material de salvamento,
- Chegar á area e percorrer uns 100m. co material de salvamento.

* As distancias variarán en función do estado da mar.

O tempo contarase a partires do primeiro aspirante en pasar pola meta, que obterá a puntuación máxima de 25 puntos.

A partires do primeiro aspirante as puntuacións serán as seguintes:

Tempo	Homes	Ptos.	Mulleres	Ptos.
	+0'18"	23	+0'48"	23
	+0'36"	21	+1,06"	21
	+0'54"	19	+1'24"	19
	+1'12"	17	+1'42"	17
	+1'30"	15	+2,00"	15
	+1'48"	13	+2'18"	13
	+2'06"	11	+2'36"	11
	+2'24"	9	+2'54"	9
	+2'42"	7	+3'12"	7
	+3'00"	5	+3,30"	5
	Maior tempo	0	Maior tempo	0

➤ **Proba combinada con mergullo e rescate e, ó final, práctica de R.C.P.B.**

Posición de partida: de pe.

Despois do sinal: entrar na auga; realizar 50 m nado libre; sumerxirse e efectuar 10 m mergullo, saír e remolque 35m sen que a auga pase por riba das vías respiratorias.

Tempo	Homes	Ptos.	Mulleres	Ptos.
	2'00"	15	2'10"	15
	2'02"	14	2'12"	14
	2'04"	13	2'14"	13
	2'06"	12	2'16"	12
	2'08"	11	2'18"	11
	2'10"	10	2'20"	10
	2'12"	9	2'22"	9
	2'14"	8	2'24"	8
	2'16"	7	2'26"	7
	2'18"	6	2'28"	6
	2'20"	5	2'30"	5
	Maior tempo	0	Maior tempo	0

R.C.P. básica: de forma no inmediata, realizarase sobre un manequín a R.C.P. básica durante 4 ciclos (1 ciclo: 2 insuflacións x 15 compresións). Protocolo actual do 2005 da European Resucitación Council. A R.C.P. básica valorarase entre 0 e 10 puntos.

A puntuación da proba será sobre un valor entre 0 e 25.

A puntuación final das dúas probas prácticas será sobre un valor entre 0 e 50.

11ª.- LISTADO DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL:

Rematado o procedemento de selección, o tribunal fará público no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aprobados por orde de puntuación. Consideraranse seleccionados aqueles candidatos que maior puntuación acaden, e o tribunal elevará proposta de contratación á autoridade competente.

12ª.- FUNCÍONS DO PERSOAL CONTRATADO:

TAREFAS DIARIAS PARA TODO O PERSOAL

- Recorrer e inspeccionar tódala zona de baño e praia, observando, principalmente os riscos e elementos perigosos para os usuarios. Esta era a primeira tarefa que se realizou cada xornada, na que se inclúe a elección e izado da bandeira, en función das observacións realizadas.
- Abrir a praia no 112, e recoller a información metereolóxica no CMT- Galicia.
- Comprobar o estado do material de vixilancia, rescate e postos de vixilancia, colocandoo no seu lugar para a xornada.
- Controlar o posto de primeiros auxilios e seus aparatos e instrumentos.
- Poñer a disposición o material para minusválidos (cadeira e muletas anfibas), e servir de axuda en caso necesario.
- Toma de temperatura da auga e ambiente, e facela pública nos paneis informativos da praia.
- Prestar servizo de información ós usuarios da praia.
- Levar a cabos as medidas preventivas necesarias durante a xornada (avisos, cambios de bandeira, etc)
- Vixiar constante e permanentemente as actividades dos usuarios da zona de baño, tanto dos que están dentro da auga (que serán os que representen maior risco potencial), como dos que están fora da mesma (que as veces tamén se accidentan de variable gravidade).
- Esixir o cumprimento da normativa a tódalas persoas, sen excepcións.
- Observar de forma permanente os riscos e elementos perigosos para os usuarios.
- Adestrar técnicas de salvamento acuático e realizar una preparación física específica da propia praia (por parte dos socorristas).
- 20:00 horas, recollida do materia de rescate, da embarcación e bandeiras.

- Peche da praia no 112, informando das incidencias e dos datos de información metereolóxica.

FUNCIÓNS EN CADA POSTO

Xefe ou responsable de praias

- Coordina o Servicio Municipal de Salvamento e Socorrismo en Praias.
- Dirixe as emerxencias 1b e 2 (en coordinación co 112).
- Crea as directrices do funcionamento en praias e as controla.
- Elabora informes sobre os riscos das praias.
- Elabora informes sobre o persoal
- Elabora informes das actuacións.
- Mantén reunións periódicas co responsable do Servicio de Salvamento no Concello.
- Responsable de todo o material de praias.
- Recicla permanentemente do persoal (nos entenamentos e simulacros).
- Coordina conxuntamente co xefe de mar de Protección Civil os eventos extraordinarios que se deban cubrir.
- Fai cumprir as normas de actuación e funcionamento da praia.
- Distribúe os horarios de vixilancia e traballos a realizar.

Técnicos en Salvamento Acuático (T.S.A.)

- Encargados do material de rescate e salvamento, conservación e mantemento.
- Encargados do material sanitario, conservación e mantemento.
- Recollida do material de rescate e salvamento, conservación e mantemento.
- Practicar os primeiros auxilios dos posibles accidentes e casos máis frecuentes da nosa praia, coa maior eficacia e seguridade posible.
- Encargados dos rescates acuáticos.
- Encargados de adoptar as medidas de prevención oportunas.
- En caso de intervención de especial importancia realizado coa maior efectividade e seguridade posible e asegurándonos, en caso de rescates e casos graves, de que o accidentado é trasladado posteriormente a un centro sanitario, aínda que a súa recuperación fora positiva.
- Cubrir os partes de intervencións de cada actuación nos partes correspondentes.
- Dar parte do accidente acontecido ós organismos competentes, 112 SOS Galicia, ou outros como pode ser ó Concello, a Policía, etc.

DEBERES DO SOCORRISTA EN SALVAMENTO ACUÁTICO (Plan de Salvamento en Praias de Galicia. Resolución do 22 de maio de 2001)

- I. Non abandona-lo posto de vigilancia baixo ningún pretexto, agás no caso de atender a un accidentado relevado por outro socorrista en salvamento.
- II. Cumprirá á perfección os horarios establecidos de apertura e peche da xornada de baño.
- III. Non poderá realizar, perante as horas de traballo, ningún traballo que non sexa o das súas funcións de socorrista.
- IV. Vixiar, controlar e atender a todo bañista que requerira os seus servizos.
- V. Ser cordial, amable e respetuoso cos bañistas.
- VI. Respetar e ataca-la ordes do seu superior.
- VII. Prepararse fisicamente e recicla-los primeiros auxilios antes e durante a tempada de baño.
- VIII. Ter coñecemento e acata-las prohibicións e esixencias que marca a normativa vixente sobre o regulamento de zonas de baño.
- IX. Estar en posesión da titulación de técnico de salvamento acuático e te-la licenza anual en vigor.
- X. Levar, en todo momento do seu traballo, un distintivo que o acredite como tal.
- XI. Cumplir con todo o establecido no contrato de traballo.
- XII. Consulta-las dúbidas coas autoridades competentes.

Patróns

- Encargados da embarcación e do mantemento diario (revisións e limpeza básica) e semanal (revisión).
- Patrullar a zona de baño e praias anexas.
- Cubrir os partes de Xefe coa información de cada ronda
- Encargados dos materiais cos que vai dotada a embarcación.
- Encargados dos avisos na zona de baño e das embarcación que non cumplan a normativa.
- Recollida do material de rescate e salvamento, conservación e mantemento.
- En terra: vixilancia en torre e atencións no posto de salvamento.
- Encargados de adoptar as medidas de prevención e atencións oportunas do mar.
- Cumprirá á perfección os horarios establecidos de apertura e peche da xornada de baño.

- Non poderá realizar, perante as horas de traballo, ningún traballo que non sexa o das súas funcións.

12ª.- HORARIOS E DESCANSO:

O persoal de Servicio de Praias estará operativo do 15 de Xuño o 7 de Setembro (máis 7 días de vacacións).

O Servicio abrirá tódolos días de 12:00 a 20:00.

- 15 de xuño: traballarán todos os membros para a organización do Servicio.
- Do 16 ó 30 xuño e do 31 de agosto ó 5 de setembro, de luns a venres: turnos diarios de 2 persoas (patrón e socorrista).
- Do 1 de xullo ó 30 de agosto, de luns a venres: turnos de un día 8 horas, un día 4,5 horas (de 15:30 a 20:00 h), un día 8 horas, un día libre.
- 6 e 7 de setembro: traballarán os 4 membros 8 horas e 7,5 horas respectivamente.
- Tódolos sábados e domingos traballarán 3 membros 8 horas, descansando cada un 3 sábados e 3 domingos durante o verán.”

Visto o informe da Secretaría municipal de data 25 de maio de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases e a convocatoria e ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de máxima difusión a nivel provincial.

10.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FUTBOL, MOAÑA.*

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FUTBOL, MOAÑA* remitido pola empresa COVSA – CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. para o seu estudo e aprobación, redactado polo enxeñeiro industrial e técnico de prevención D. José Fontenla Martínez,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FUTBOL, MOAÑA.*

11.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DA LUDOTECA

Vistos os informes do 25 de maio de 2009 da coordinadora da Ludoteca en relación á que o socio nº 152 cumpriu trece anos e a ludoteca é para nenos/as de 4 a 12 anos e que cómpre darlle de baixa; e que o socio 151 é irmán seu e cando se dea de baixa ao nº 152 débesele cambiar a tarifa asignada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de baixa ao socio nº 152, Mauro Soaje Carril, dos servizos da Ludoteca municipal por superar a idade á que vai destinado o servizo.

Segundo: Modificarlle a tarifa asignada ao socio nº 151, Tomás Soaje Carril, para que a partir da baixa do irmán se lle aplique a tarifa normal: Art. 4. Epgr. 1º.

12.- NICHOS

Por escrito con entrada no Concello o día 5 de maio de 2009, D.^a María del Carmen Costas Gayo expón que trala apertura de testamento, herdou a titularidade do panteón nº 17 do cemiterio de Moaña, inscrito no Libro IV, páx. 306, zona V preferencia, a nome de D. Manuel Tenorio Pena. Achega fotocopia do testamento e solicita que se cambie a titularidade dos nichos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o cambio de titularidade dos nichos do panteón nº 17 do cemiterio de Moaña, por herdanza, de D. Manuel Tenorio Pena a D.^a María del Carmen Costas Gayo.

13.- VADOS

SOLICITUDE DE VADO DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO 3 DO Nº 32 DA RÚA ALMANSA

Con data 1 de abril de 2009, D. MANUEL LAGO LAGO, en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO 3 DO Nº 32 DA RÚA ALMANSA, presenta instancia na que solicita un vado permanente para o garaxe do nº 3 do nº 32 da Rúa Almansa, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 127,50 euros (112,50 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 7 de abril de 2009, no que di que a entrada do garaxe ten un ancho de 2,50 m. e dado o limitado ancho da rúa Almasa, cómpre estender o vado para posibilitar as manobras de entrada e saída nun ancho de 2,00 m. dende a marxe inferior da porta do garaxe, e de 1,50 m. dende a parte superior. O requirinte encargárase do pintado, nun ancho total de 6,00 m.

Visto o informe do inspector de obras do día 14 de maio de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. MANUEL LAGO LAGO en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO Nº 3 DO Nº 32 DA RÚA ALMANSA, cunha entrada de garaxe de 2,50 m e cun pintado de 2,00 m dende a marxe inferior da porta do garaxe e de 1,50 m. dende a parte superior (6 metros en total), polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 127,50 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

14.- MOBILIDADE

D. José García Novoa, en representación da Autoescuela Dorna, con motivo de querer realizar prácticas de carterillo con profesor debidamente autorizado, solicita autorización para utilizar a zona habilitada pr aparcamento do instituto A Paralaia, sen entorpecer o paso dos vehículos da rúa adxacente, o día 30 de maio.

O inspector-xefe da Policía Local, o día 22 de maio de 2009, emite informe favorable para a súa concesión se sinalizan correctamente o lugar con vallas, conos ou similar e se deixan un vial para a circulación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude cos condicionantes recollidos no informe do inspector-xefe da Policía Local.

15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSÉ ANTONIO BLANCO CURRÁS	Auga, usos domésticos	Ramón Cabanillas, 214 – 2º C	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
JESÚS M. PIÑEIRO CANCELAS	Auga, usos domésticos	Ramón Cabanillas, 214 – 2º B	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
MAPFRE AUTOMÓVILES, S.A.	Saneamento, uso comercial	Concepción Arenal, 2	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
EUGENIO RAMÓN CAMAÑO PÉREZ	Saneamento, uso doméstico	Paradela, 90 A	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
JOSE FRANCISCO MOREIRA RIOS	Saneamento, uso doméstico	Verdeal,127 A	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
SENEN ARTURO DOBAO LÓPEZ	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 42	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
OSCAR MANUEL JUNCAL PAREDES	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 42 B	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
FRANCISCO JAVIER CARRO PIÑEIRO	Saneamento, uso doméstico	Palmás, 1B	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
GERMAN PÉREZ CURRAS	Saneamento, uso doméstico	Piñeiro, s/n	Conexión saneamento...180 €	Aqualia
MANUEL RODRÍGUEZ FRANCISCO	Auga, usos domésticos	Daniel Castelao, 60 – 3 esq.	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
ÁNGEL ACUÑA PAREDES	Auga, usos domésticos	R/ Pura P. Prado, s/n – portal 2 3º B (urb. O Rosal)	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
SANTIAGO IGLESIAS CALVELO	Saneamento, uso doméstico	Sabaceda, 20	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Arq. Téc. Munic.
GERARDO PIRES PIÑEIRO	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 93 Domaio	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Arq. Téc. Munic.
MARÍA INES FERVENZA PEREIRA	Auga, para construción	Ameixoadá, s/n	Conexión auga 60 € Fianza construción..... 150 €	Aqualia
ANGEL MALVIDO PIDRE	Saneamento, uso doméstico	Paradela, 7 B	Conexión saneamento...180 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.